GALEGO
RABEXAR, RABEXAR

Número de xogadores/as:
Todos os que queiran xogar.

Material necesario:
Ningún.

Onde se xoga:
Nos patios, parques…

Como se xoga:
Primeiro hai que botar a sortes para saber quen pilla.
Utilizamos:

«Nun caixón hai catro gatos:
un, dous, tres e catro».

O neno/a, que lle tocou, tápase os ollos e ponse cara a parede, mentres canta, ou recita:

«Rabexar, rabexar
mentres o lobo vai mexar.
«Eu son o lobo que te hei de comer»
E o resto contesta:
«Eu son a vaca que te hei escornar, que te hei de topar».

Mentres os nenos/as escapan. Ao rematar a canción o neno/a que panda vainos pillar.

Normas:
-O neno/a que pilla non pode saír a pillar mentres non remata a canción.
-Os nenos/as que escapan non se poden agochar.
-Perde o primeiro/a que pillan.
O xogo remata cando están todos/as pillados.

Chloé, Hugo e Javier 4º de EP

LIVEWORKSHEETS

Cantas partes ten o texto?

unha catro cinco tres

Emparella.

Na primeira	Lugar
Na segunda	Material
Na terceira	Número xogadores
Na cuarta	Normas
Na quinta	Como se xoga

Que é certo?

- [ ] Só poden xogar cinco.
- [ ] Precísase un balón.
- [ ] Xógase na casa.
- [ ] O neno que panda ten que pillar aos outros.

Ordena o xogo.

Os outros ne-nos e nenas escapan.	Bótase a sortes para saber o neno/nena que pilla.	Ao rematar a canción o que panda vai pillar aos outros.	O que pilla tapa os ollos e ponse cara a parede e canta

Contesta si ou non.

Perde o primeiro que pillan. _____

O que pilla comeza a pillar cando lle dá a gana. _____

LIVEWORKSHEETS